



## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO CONCELLO PLENO DO DÍA 8 DE MARZO DE 2012.

### ASISTENTES:

#### **Alcalde-presidente**

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO( PP)

#### **Concelleiros/as**

D. M<sup>a</sup> CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ( PP)

D.<sup>a</sup> MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.<sup>a</sup> NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> ÁNXELA GONZÁLEZ CID ( BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

#### **AUSENTES :**

-----  
**Secretario Xeral**

D<sup>a</sup> Silvia Alonso Fernández

#### **Interventora de fondos**

D.<sup>a</sup> Eva García Fernández

*No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 13,30 horas do día 8 de marzo de 2012 reúnese en sesión extraordinaria e urxente, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres.-/as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.*

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



### 1- PRONUNCIAMENTO DA URXENCIA DA SESIÓN

Pola Presidencia explicase a urxencia da sesión, consistente en tratar un asunto que no Pleno ordinario quedou sobre a mesa por falta de documentación, e dada a necesidade de axilizar os trámites correspondentes a o asunto para que a entrada en vigor do regulamento coincida coa posta en funcionamento do período para as novas matriculacións na escola infantil.

Cos voto unánime da Corporación queda aprobada a urxencia da sesión.

### 2- MODIFICACION DO REGULAMENTO INTERNO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE BARBADÁS.

D.<sup>a</sup> Ánxela González (BNG), á vista da documentación que ten no seu poder, pregúntase por que non temos a día de hoxe unha nova escola infantil en Barbadás. Existe un convenio asinado entre a Consellería de Educación, a de Benestar e o ministerio de Educación, que ofertaba a posibilidade a Barbadás de ter unha nova escola infantil, co cal teríamos hoxe 102 prazas de escola infantil, e 82 cofinanciadas pola Xunta e o Ministerio.

Todo isto evidencia a ineficacia, inoperancia, e ineptitude como gobernante do Sr. Alcalde. ¿Como lles vai explicar isto ós cidadáns cuxos nenos/as se quedarán sen praza cada ano? Non foi vostede quen de ter o peso político no seu partido para conseguir esta segunda escola infantil, ou non foi quen de poñer os terreos a disposición, e a consecuencia é que quedan nenos fora cada ano, mentres poderíamos ,coa segunda escola, incluso acoller a nenos de concellos limítrofes si quedasen prazas vacantes.

No ano 2004, vostede privatizou este servizo, de maneira que os beneficios eran privados, e as perdas eran públicas. E reiterouse neste contrato no ano 2008.

Agora non se nos presenta un informe económico financeiro que poña en evidencia esa ruptura do equilibrio económico da concesión, que segundo o informe de secretaría, era o motivo para o rescate da concesión. So se presenta un balance, e nin sequera figuran os datos do ano 2011. Non podemos saber en que consiste ese desfase económico, e cales son esas perdas que da a escola infantil. E non sabemos como se pode explicar todo isto á cidadanía.



Por todo elo, solicitan o informe económico-financeiro do ano 2011, porque entregáronnos un balance do ano 2009 e 2010 que se mandou a Xunta no que constan as achegas das partes pero non a memoria do 2011.

Outra dúbida é se os traballadores da empresa LAZOS, que pasan a ser traballadores do Concello, pasan coa mesma categoría. Pregúntanse como é iso de que os traballadores dunha empresa pasan a ser do Concello sen un criterio obxectivo de selección. Tamén expoñen que dende o 2008 ata agora, hai **oito traballadores novos** na escola infantil que agora pasan ó Concello...

Considera que este tema é un gran fracaso do Alcalde. ¿Como vai explicar á cidadanía que cada vez máis nenos queden sen praza, cando existe un convenio polo que poderíamos ter agora unha segunda escola infantil sen custe para o Concello? ¿E como lles vai a explicar que en oito anos de funcionamento recibiu dous millóns de euros, e que da perdas? Por todo isto, non podo máis que pedir a inmediata dimisión do Alcalde e o seu equipo.

Respecto ó regulamento de funcionamento, pregunta cal vai ser o criterio para decidir quen vai ser o coordinador?, ¿que concellería se fará cargo?, por que nos se inclúe un pai/nai na comisión de baremación?.

A Sra Morenza (PSdeG-PSOE) intervén para preguntar se ante a suba de prezos realizada polo Decreto 49/2012 de 19 de xaneiro, se vai a proceder á suba dos prezos da escola infantil de Barbadás, porque ata agora, os nosos prezos se rexían por esta normativa da Xunta.

Por outro lado, resulta preocupante o aumento do número de nenos que quedan sen praza cada ano, o cal mostra a necesidade dunha segunda escola infantil que o Sr. alcalde chegou a anunciar no seu momento. ¿Vai facer algo ó respecto?

Tamén se pregunta se o rescate da concesión foi por xubilación da dona da empresa ou por perdas, e que repercusión terá para a empresa o incumprimento do contrato de concesión; Queren coñecer a situación dos empregados da escola infantil, que son 13 persoas, e que pasará nun futuro con este persoal. Tamén desexa saber como se seleccionará ó coordinador da mesma, e se se estuda a posibilidade de privatización novamente.

Por outra banda considera que o incremento do 3 ó 5% das prazas reservadas para os traballadores municipais non é lóxico, e resulta un privilexio, porque se incentiva a manga ancha para os empregados públicos fronte á cidadanía. Finalmente pregunta sobre a posibilidade de apertura no mes de agosto, e como vai quedar este tema.



Pola Presidencia respóndeselle á voceira do BNG, que o único fracaso é o de vostedes e o seu persoalmente, a nivel político, que do odio que desprenden as súas palabras evidenciase a súa frustración, que lle impide ver a realidade dun xeito obxectivo. Se non acadaron os resultados electorais que esperaban será pola súa forma de ver as cousas, que os levan a onde os levan. Non se soportan entre vostedes mesmos, e polo tanto é normal que non nos soporten a nós. Saquen a venda dos ollos dunha vez, e baixen á realidade.

Respecto á escola infantil, pola taxa da crecemento do nosos concello, faríanos falta unha nova cada ano, e iso é imposible, porque logo os servizos temos que mantelos. Non temos recibido queixas do servizo ata agora, salvo o problema da xente que queda fora. Neste momento, damos o servizo que podemos dar, e o argumento da inclusión da escola infantil no Consorcio resultou nefasto, porque agora, cando lles dixeron que o 33% non o tiñan que pagar porque se xustificaba con gastos de luz, axardinamento ou outros conceptos, agora estanlle liquidando a todos os Concellos, que non tiñan previstos eses pagos.

Por outra banda, sinalar que a escola infantil ten uns gastos duns douscentos e pico mil euros cada ano, que se reparten en tres partes, pero a do Concello é importante, e unha cousa é predicar, e outra xestionar coa realidade que temos. Vostedes non ven a realidade polo seu fanatismo, pero nós, somos conscientes das necesidades e das posibilidades, e loitaremos cando se poida por unha segunda escola infantil.

Respecto ó persoal non se preocupen. Non imos facer como cando gobernaban vostedes, que tiñan a centros de día con máis traballadores que residentes. Nós temos que subrogar ó persoal, porque é unha obriga legal. Analizaremos se a xestión é viable que a levemos nós, e si é así, haberá que facer un proceso de selección libre e regrado. A coordinación farase dende a concellería correspondente xunto cos servizos técnicos do Concello, e finalmente, respecto ás subas, a nosa idea é non subir nada, salvo que sexa por imperativo legal.

D<sup>a</sup> Anxela González (BNG) afirma que o Alcalde entra ó ataque persoal cando se queda sen argumentos. Ideoloxicamente eu son de esquerdas, e comunista, e nacionalista e representante da veciñanza de Barbadás. Eu non teño a culpa de que a maioría da veciñanza sexa de dereitas, e eu non vou cambiar por iso.

O que nós temos non é odio. É unha cuestión de falta de xestión política pola súa parte, de inoperancia, e ineficacia. En 24 anos non foron quen de pensar que a súa consellería foi falar co ministerio de educación e obtivo un convenio polo que hoxe poderíamos ter unha segunda escola



infantil. E vostede ocultou isto á cidadanía.

Eu téñolle respecto como representante da cidadanía de Barbadás, pero teño que instarlle a que xestione. ¿A que non é vostede capaz de ir a unha asemblea para explicar ós que se quedan fora sen praza, que non foi capaz de lograr unha segunda escola infantil?

Respecto á política de persoal, deste concello, o sistema é: dan traballos temporais, que logo se amplían, e que logo se converten en indefinidos e que os funcionarizan. Isto é o que van facer coa escola infantil LAZOS contrata a persoas, e agora nos saen co rolo do concurso, no que é imposible entrar polos méritos que acumulan ós que xa estiveron traballando.

Todo isto é unha vergoña, un mal gasto e unha estafa: que unha gardería que recibe dous millóns de euros en oito anos, se permita o luxo de deixalo tirado en Decembro. Reitera a súa petición das contras do ano 2011.

A Sra. Morenza (PSdeG-PSOE) pregunta se se van tomar medidas coa empresa que incumpriu o seu contrato.

Pregunta tamén o que se vai facer coa necesidade crecente de prazas, dados os nenos que nacen cada ano. ¿Vaise ter unha segunda escola infantil?

Solicita un proceso transparente na contratación de persoal, e finalmente, segue considerando unha prevenda inxustificada, o incremento de prazas reservadas ó persoal municipal.

Sen mais sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do PP, e os votos en contra do PS deG-PSOE e do BNG, o seguinte acordo: “**Aprobación inicial da modificación do regulamento interno da Escola Infantil Municipal de Barbadás**”

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 14:15 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO



## **CONCELLO DE BARBADÁS**

---

